

NOTA DE PRENSA

VII EDICIÓN PREMIOS: “BOAS PRACTICAS CIDADÁS 2023”

A CIUDADANÍA CIVIL RECOÑECE, UNHA VEZ MÁIS, ÁS PERSONAS POLA SÚA IMPLICACIÓN, PASIÓN E SOLIDARIDADE

- **Nas nominacións destacan a implicación coa infancia e xuventude, no ámbito cultural e social, na investigación, o ecoloxismo, o arte implicado na cidadanía, e a cooperación internacional.**
- **Estes premios son independentes, xa que son elixidos e outorgados polas persoas premiadas o ano anterior.**
- **Con esta VII Edición son xa 42 as persoas premiadas pola súa labor de implicación e acción solidaria**
- **O acto de entrega será o xoves 21 de setembro ás 19:00 no salón de actos da ONCE. A entrada é libre ata completar aforo.**

A Coruña, 18 de setembro 2023.- A Asociación Proxecto Máscaras (APM) celebra a próxima semana a VII Edición dos Premios ás *Boas Prácticas Cidadás*, nun evento que terá lugar este **xoves, 21 de setembro**, no **salón de actos da ONCE**.

A través destes premios, son xa **sete anos promovendo a rede de recoñecemento público ás boas prácticas entre a propia cidadanía**, que pon en primeira liña comportamentos e actitudes persoais que se basean en principios de ética e compromiso co desenvolvemento.

O presidente da APM, Iago González, será o encargado de presentar este acto, que comezará **a las 19.00 horas**, e será conducido pola periodista Noela Bao.

Igual que en edicións anteriores, e de acordo coa filosofía desta iniciativa, **o protagonismo corresponde ás persoas premiadas, de maneira que as galardonadas o ano pasado son quen han elixen e premian ás de este 2023.**

Nesta **VII Edición**, os premios serán para:

-**María José Bao Carreira**, cofundadora de ACOES Galicia polo seu activismo e implicación para que a infancia e a xuventude das zonas máis pobres de Honduras, teñan una oportunidade de mellorar a súa situación a través da educación. Premiada por **Sara Alvar Pariente**, activista e presidenta da asociación BoaNoite.

-**Pilar Ramallal Fernández**, pola súa implicación no acompañamento a adolescentes desde o seu paso polo sistema de protección á independencia para enfrontarse á vida adulta. Premiada por **Mónica Fernández Lemos**, desde Agarimo.

-**Rita Rodríguez**, actriz, activista cultural y social, y docente. Premiada por **Manuel Olveira Paz**, escritor y activista cultural e social.

-**Paula Mouzo Mas**, profesional do mar, patroa local de pesca, mariñeira de máquinas da Mariña Mercante, percebeira e mariscadora. Activista social e parlamentaria desde Camariñas. Premiada por **Rafael Lema Mouzo**, escritor, investigador e ecoloxista.

-**Ángel Meijide Rico**, Un dos fundadores da *Asociación Raíña Paraíso*, que defende o rural como fonte de oportunidades na comarca de Curtis, cun espazo de cooperación e xeración de proxectos apaixonantes. Premiado por **Irene Negrete Barrote**.

-**Óscar Palleiro Morlán**, bombeiro en Cambre e voluntario social no salvamento de persoas no Mediterráneo e creación de proxectos en favor das persoas migradas. Premiado por **Lorena Boga García**, que leva anos como activista no voluntariado de BoaTarde.

- **Premio especial da APM: Melandrainas**, pola súa implicación como entidade, desde hai moitos anos, na cultura "sen etiquetas".

Detallamos o programa e conograma completo da Gala para facilitar a asistencia:

Programa da Gala de entrega dos Premios
Onde: Salón de actos da sede da ONCE, Cantón Grande, 3. A Coruña
Cando: Xoves, 21 de setembro.
Hora: A partir de las 18.45 h

Programa

- 18.45 h. Recepción e firma no libro de Honra da APM
- Entrega dos premios
- Foto de familia
- Clausura

SOBRE A APM

“Que algo sexa **unha excepción** non implica que sexa excepcional senón, simplemente, que **encerra unha oportunidade**”

A Asociación Proxecto Máscaras, APM, é unha entidade de carácter cultural, social, educativo e de fomento da investigación, que se apoia no audiovisual e a cultura como ferramentas de sensibilización, integración e normalización para o enriquecemento social.

Canles de comunicación:

Web: www.proxectomascaras.gal

Facebook: <https://www.facebook.com/proxectomascaras/>

Youtube: <https://www.youtube.com/c/proxectomascaras>

Instagram: @proxectomascaras

Linkedin: <https://www.linkedin.com/company/proxectomascaras>

X (antes Twitter): <https://twitter.com/SinComillasCine>

Para **más info**, contactar con **prensa**: 622 195 832